

## Unidade 3. O mundo en papel

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### O mundo en papel

1. Hai canto que o hombre constatou que a Terra é redonda e non plana como cría? Marca.

Hai uns 50 anos.


Hai uns 500 anos.

Hai uns 5000 anos.

### A paisaxe

2. De que dous aspectos é resultado a forma da paisaxe? Marca.

- A acción dos fenómenos naturais.
- A calidade do terreo.
- As inclemencias do tempo.
- As actividades humanas.
- A acción dos seres vivos.



## Unidade 3. O mundo en papel

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### A paisaxe

3. Que elementos pertencen á paisaxe de interior e cales á de costa? Une mediante frechas.

montaña •

golfo•

illa•

•paisaxe de costa

meseta •

cantil•

península •

•paisaxe de interior

val•

praia•

serra•

cabo •

### Unidade 3. O mundo en papel

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

#### Modelamos a paisaxe

4. Marca V se é verdadeiro e F se é falso.

- A paisaxe natural é a que non foi modificada en absoluto.
- A paisaxe humanizada é moi natural.
- A paisaxe natural foi modificada polos fenómenos naturais.
- A paisaxe humanizada foi modificada polas persoas.
- A agricultura ecolóxica é un exemplo de paisaxe natural.

5. Colorea de azul as accións que beneficia a paisaxe e de vermello as que o prexudican.

Crear zonas protexidas.

Prohibir os verquidos incontrolados.

Cambiar o leito dos ríos.

Deforestar.

Tirar o lixo nos colectores.

Construír cerca da costa.

Explotar en exceso os recursos naturais.

Reforestar.


### Unidade 3. O mundo en papel

Nome: _____	Curso: _____	Data: _____
-------------	--------------	-------------

#### Representamos a paisaxe

6. Como se chama a ciencia que estuda como representar a superficie da Terra? Marca.

Xeografía Planografía. Cartografía. Mapística.
---



7. Pon unha cruz na casa que corresponda.



	Mapa físico	Mapa temático
Elevacións e depresións do terreo.		
Organización política do territorio.		
Ríos, lagos e lagoas.		
Clima.		
Distribución da poboación.		
Zonas planas do terreo.		
Zonas contaminadas dun territorio.		

## Unidade 3. O mundo en papel



Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### O noso planeta en debuxos

8. Rodea cun círculo o mapapundi.



9. Completa os puntos cardinais e escribe o nome debaixo de cada debuxo.



## Unidade 3. O mundo en papel

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_


### Aprende a subliñar

10. Subliñar un texto serve para repasar rápido un tema porque sinala as palabras máis importantes. Le o seguinte texto sobre o Parque Nacional de Doñana. Sinaláronse as ideas principais? Marca.

#### Parque Nacional de Doñana

Situado na marxe dereita do río Guadalquivir ao seu paso polo sur das provincias de Huelva e Sevilla, caracterízase por presentar un mosaico de ecosistemas (as marismas, as dunas vivas e as áreas estabilizadas ou «cotos») que albergan unha biodiversidade única en Europa. Destaca a marisma pola súa extraordinaria importancia como lugar de paso, cría e invernada para miles de aves europeas e africanas.

No Parque viven especies únicas e en serio perigo de extinción, como a agúa imperial ibérica ou o lince, ademais de presentar unha variada avifauna e un extraordinario conxunto de valores naturais.



<http://link.edelvives.es/ykhxg>

- Si, todas as ideas que se subliñaron son principais.
- Marcáronse ideas principais, pero tamén algunha idea pouco importante.
- Non, só se sinalaron ideas secundarias.

## MATERIAL TELEMÁTICO PARA 3º DE PRIMARIA

CCSS:


- Realizar as actividades das fichas de reforzo correspondentes ao Tema 3.
- Nesta ligazón pódense conseguir mapas interactivos e para reconstruír a modo de quebracabezas de España, Europa e o resto do mundo <http://link.edelvives.es/ogotn>
- Na seguinte ligazón pódese atopar unha actividade interactiva para situar no seu lugar correspondente os diferentes puntos cardinais sobre a rosa dos ventos <http://link.edelvives.es/kjnjn>
- Páxina web para ver increíbles imaxes de paisaxes que, aínda sendo reais, parecen de ciencia ficción <http://link.edelvives.es/pebrn>
- Ver as diapositivas que se mostran na ligazón para aprender paso a paso como subliñar ben un texto <http://link.edelvives.es/waewl>
- **1ª Proposta:** debuxa diferentes paisaxes, inventadas por ti ou copiadas, e a ver cantos elementos de paisaxe eres capaz de recoñecer neles.
- **2ª Proposta:** elabora un plano do teu barrio, ou rúa, ou casa, ou aldea ou do que se che ocorra. Non esquezas poñer a lenda cos símbolos.

## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### O noso corpo

1. Completa a táboa co nome do órgano e do sentido que representa cada imaxe.



	a	b	c	d	e
Órgano					
Sentido					



## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Así é o noso corpo

2. Describe tres cambios que se produciran no teu corpo desde que empezaches a etapa Primaria.



1. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3. Escribe as idades que comprende a infancia, a adolescencia, a idade adulta e a vellez.

Infancia:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Adolescencia:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Idade adulta:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Así funciona o noso corpo

4. Rodea as partes do noso corpo que interveñen na función de nutrición.

aparato reprodutor

aparato respiratorio

aparato locomotor

aparato excretor

aparato circulatorio

aparato dixestivo

5. Marca a oración que define correctamente a función de relación.

A función de relación consiste en relacionar o que ocorre ao noso arredor co que lles ocorre aos demais.

A función de relación consiste en fixarse no que ocorre ao noso arredor e reaccionar para non danarnos.

A función de relación consiste en captar o que ocorre ao noso arredor e procurar non reaccionar ante as situacións nas que nos encontramos.

## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### A saúde e os alimentos

#### 6. Completa a táboa.

Nutriente	Función	Onde se encontra
Proteínas	_____ _____	Carnes, peixes, ovos e produtos lácteos
_____	Proporcionar enerxía	Pans, arroces, pastas, legumes e froitas
_____ ou graxas	Proporcionar enerxía e protexer os nosos órganos.	_____ _____
Sales minerais e vitaminas	Facer que o noso corpo funcione correctamente e evitar moitas enfermidades.	_____ _____

#### 7. Nomea tres alimentos que poidas tomar a diario e en gran cantidade e tres dos que non debas abusar.

en gran cantidade

non abusar

---

---

---

---

---

---

## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Que debemos comer?

#### 8. Escribe V se a oración é verdadeira, e F, se é falsa.

- A pirámide dos alimentos sérvenos para saber que alimentos debemos tomar a diario.
- Convén manter unha dieta equilibrada para estar sans.
- Para estar sans e saudables facemos unha dieta baixa en proteínas.
- Nunca manteñas unha dieta equilibrada. É perigoso!
- A dieta é o conxunto de alimentos e bebidas que tomamos habitualmente.

#### 9. Completa a oración coas palabras que faltan.

graxas      diario      verduras      alimentos      doces

A pirámide dos alimentos indica os \_\_\_\_\_ que debemos tomar a \_\_\_\_\_, como as froitas e as \_\_\_\_\_, e aqueles dos que non dedemos abusar, como os \_\_\_\_\_, as \_\_\_\_\_ e os embutidos.

## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Os hábitos saudables

10. Describe cunha oración un hábito saudable baseado en cada aspecto.

- Hixene.

---

---

- Tempo libre.

---

---

- Descanso.

---

---

- Revisión médica.

---

---

## Unidade 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Os hábitos saudables

11. Indica V, se a oración sobre a práctica de deporte é verdadeira, ou F, se é falsa.

- É necesario facer exercicios de quecemento antes de realizar deporte.
- Non hai regras de respecto nos deportes.
- É necesario facer exercicios de estiramento despois de realizar deporte.
- Debemos descansar e parar se estamos cansos ou mareados.
- Nunca hai que poñer proteccións.

### O tempo de lecer

12. Escribe as tres cousas que máis che gusta facer no teu tempo libre.

1. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Unidad 3. O noso corpo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### O tempo de lecer

#### 13. Imaxina as seguintes situacións e responde.

- a) Non conseguiches algo que ti querías. Por exemplo, que os demais xogasen ao que a ti che apetecía.

Como te sentes? \_\_\_\_\_

Sírveche de algo sentirte así? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- b) Desgustácheste co teu compañeiro de clase porque che tirou a mochila ao chan. Ti pensas que o fixo con intención e o teu compañeiro di que non. Ao final, chegastes a un acordo e estades os dous xuntos, ledos.


Como ocorreu isto? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Por que agora estades os dous ledos? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### Facer un esquema de claves


14. Fai o esquema correspondente ao apartado *Os hábitos saudables* da páxina 60 do libro do alumno.

1. Repasa cuáles son las 3 funciones vitales del ser humano y los aparatos que intervienen en cada una de ellas.





2. Memoriza el esquema y complétalo sin mirar, con las palabras que faltan.



## Os hábitos saudables

Practicas algún tipo de deporte? Cal? Ademais de manter o teu corpo forte e san, que outros beneficios che proporciona?


Cales son os hábitos saudables?

Para gozar dunha boa saúde, non basta só con coidar a alimentación. Ademais, débense seguir certos **hábitos saudables** baseados na hixiene, no descanso, no bo uso do tempo libre e nas revisións médicas.

### Hixiene



Hai que ducharse todos os días.




É necesario lavar as mans antes de comer e despois de ir ao baño.



Débense cepillar os dentes despois de cada comida.

### Descanso



Débese durmir entre oito e dez horas todos os días.



Hai que deltarse cedo e sempre á mesma hora.



É conveniente xogar e compartir experiencias cos amigos e coa familia.



Convén acudir á consulta do médico.



Hai que pór as vacinas que correspondan.



É necesario practicar deporte varios días á semana.

### Tempo libre

### Revisións médicas



## Preparar unha merenda

A Sara e a Daniel, o seu irmán pequeno, apetécelles sorprenden os seus pais preparando unha merenda. Sara quere ter en conta todo o que aprendeu para facer unha merenda sa e equilibrada.

1 Que alimentos escollerán para a merenda?


a.



c.



b.



d.



2 Que hábitos saudables deben ter en conta antes de preparar a merenda e despois de merendar?


3 Que beneficio ten comer froita todos os días?

- a. Que hai que ir mercar todos os días.
- b. Que nos achega vitaminas e sales minerais para evitar enfermidades.
- c. Que nos proporciona enerxía.
- d. Que ten moitas proteínas.

4 Que tipo de nutriente nos achega principalmente o leite?

- a. Glúcidos.
- b. Sales minerais.
- c. Proteínas.
- d. Graxas.

5 Sara non lle deu a Daniel un coitelo para que pelase unha mazá. Cres que ten razón? Por que?



## MATERIAL TELEMÁTICO PARA 3º DE PRIMARIA

### **CCNN:**

- Actividades da páxina 65.
- Ler na páxina 66: Facer un esquema de claves.
- Video explicativo de como realizar un esquema de claves con PowerPoint paso a paso, dun modo sinxelo e claro <http://link.edelvives.es/ghdcg>
- Actividades da páxina 67.
- Repaso e estudo dos esquemas da libreta referentes ao Tema 3.
- Facer os exercicios das fichas de reforzo do Tema 3.
- No seguinte enlace <http://link.edelvives.es/dkggh> pódense realizar actividades en liña sobre a función de nutrición humana.
- Para aclarar dúbidas e reforzar os contidos aprendidos sobre a pirámide dos alimentos de forma lúdica <http://link.edelvives.es/icwxv>
- Neste enlace <http://link.edelvives.es/dkggh> poderedes xogar mentres consultades e repasades os nutrientes dos alimentos.
- Neste enlace <http://link.edelvives.es/phidd> propóñense unha serie de actividades manuais ou artísticas para traballar o manexo da ira.
- Video explicativo para asentir información sobre as etapas da vida "Historia dunha vida" <https://youtu.be/9Q1GJr6hAWc>

**NOTA:** poñendo o cursor enriba dos links e dándolle a **contol + clic** accedemos directamente ás páxinas web.